



Bo día!

Que tal rematou o sábado? Eu quedei cun sorriso durante todo o día pois gustoume moito moitísimo falar con todos vós.

Algunhas familias tiveron pequenos problemas e, por iso, pouco puideron estar na videochamada. Porén, o próximo sábado xa seremos máis profesionais nisto das videochamadas e conseguiremos vernos as caras e escoitarnos á primeira. Estou pensando algo para facer 😊

Imos con naturais...supoño que quedou claro iso da **diferenza de seres vivos e inertes**, non? E a **clasificación científica dos seres vivos** que non ven ser outra cousa que a división que fan os investigadores para catalogar, ordenar os distintos seres que hai segundo as súas características. Pois seguimos revisando e aprendendo un pouco máis sobre os seres vivos.

Hoxe ides ver o seguinte vídeo...

<https://www.youtube.com/watch?v=VyKwgfA7ZM&t=85s>

Despois de velo e comprendelo (hai contidos que é para maiores, non vos preocupedes), copiaredes isto no voso caderno ou folla que teñades, vale?

(boli azul e podedes subliñar con outra cor os títulos)



SEMELLANZAS ENTRE PLANTAS E ANIMAIS

- Son seres vivos que realizan o ciclo da vida (nacemento, crecemento, reprodución, nutrición, relación e morte).
- Están formados por células.
- Necesitan auga, nutrientes e o sol.
- Teñen a capacidade de moverse.



DIFERENZAS ENTRE ANIMAIS E PLANTAS

- As plantas non teñen aparatos que fagan a dixestión e excreción.
- As plantas non teñen un sistema respiratorio como nós.
- As plantas non se desprazan.
- As plantas teñen unha capacidade de crecemento infinita.

Hai algo que vos chamou a atención? Que vos parece iso de que as plantas teñen a capacidade de moverse? Deixo este vídeo FERMOŚÍSIMO que atopei fai un tempo na internet. A desfrutalo!!!

<https://www.youtube.com/watch?v=iwOOa77JIUY>

Despois de velo vídeo, pensade por que fan eses movementos ao longo do día? Importante: non é o vento pois o vídeo foi gravado coas portas e ventás pechadas. Podedes ensinarllo ás vosas familias e comentar a resposta. Non tedes que escribir nada senón falalo, ok?

(por último, un pequeno exercicio de verdadeiro e falso)

- Son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións? Corrixe as que sexan falsas:
 - Os seres vivos non necesitan levar a cabo as funcións vitais.
 - A clasificación científica dos seres vivos faise para distinguir os diferentes tipos de seres vivos.
 - Un exemplo de reino animal é unha flor.
 - As plantas poden desprazarse, isto é, ir de un lado a outro como os animais.

